



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Dereito Tributario	Código	612G01029	
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación	Calderon Carrero, Jose Manuel	Correo electrónico	jose.calderon@udc.es	
Profesorado	Alvarez Barbeito, Pilar Caamaño Anido, Miguel angel Calderon Carrero, Jose Manuel Ruíz García, José Ramón	Correo electrónico	pilar.alvarez@udc.es m.caamano@udc.es jose.calderon@udc.es j.ruiz@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A asignatura céntrase na exposición completa e sistemática dos diferentes impostos que integran o Sistema Tributario español. Estudaríanse fundamentalmente o IRPF, Imposto sobre Sociedades, IVA e Imposto sobre transmisións patrimoniais y actos xurídicos documentados.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecemento das principais institucións xurídicas.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A10	Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
A15	Capacidade de negociación e mediación.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B6	Aprender a aprender.
B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B10	Traballar de forma colaborativa.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Definir os modelos e instrumentos necesarios para afrontar as labores propias do asesoramento fiscal e tributario.	A1 A3 A4 A8 A10	B6	
Saber afrontar un procedemento de asesoramento fronte á Administración Tributaria Estatal, Autonomía e Local.	A8 A11	B7 B8 B10	
Obter as competencias necesarias para poder cooperar nun equipo e definir as estratexias necesarias para afrontar un proceso de asesoramento fiscal a particulares e empresas.	A15	B10 B2 B3 B4	C1 C2 C4 C6

Contidos	
Temas	Subtemas



SISTEMA TRIBUTARIO ESTATAL COMUN

A) IMPOSTOS DIRECTOS.

a) Impostos persoais sobre a renda.

LECCION 1

O imposto sobre a renda das persoas físicas.- Antecedentes. Natureza e ámbito de aplicación.- O feito imponible.- O suxeito pasivo. Consideracións básicas sobre a tributación dos suxeitos non residentes. A unidade familiar.

LECCION 2

O imposto sobre a renda das persoas físicas (continuación).- A base imponible.- Rendementos do traballo.- Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario. Especial consideración dos activos financeiros.- Rendementos de actividades económicas.- Ganancias e perdas patrimoniais. %ou2013O mínimo persoal e familiar.- Gastos deducibles.- Compensación de perdas.- Réximes de determinación da base imponible. A estimación directa simplificada. A estimación obxectiva singular. Base imponible xeneral e do aforro.

LECCION 3

O imposto sobre a renda das persoas físicas (conclusión).- Período impositivo e de vencemento.- As rendas irregulares.- Aplicación das tarifas estatal e autonómica.- Deducións da cota.- A xestión do imposto. Declaración. Retención a conta e fraccionamento do pago. A devolución de ingresos.- Referencia aos réximes especiais de imputación de rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas: a imputación de rendas inmobiliarias, a atribución de rendas, a transparencia fiscal internacional, a imputación de rendas pola cesión de dereitos de imaxe, e a imputación de rendas procedentes de institucións de investimento colectivo.

LECCION 4

O imposto sobre sociedades.- Antecedentes.- Natureza e ámbito de aplicación.- Feito imponible.- Suxeitos pasivos. Residencia. Domicilio. Referencia á imposición sobre a renda das entidades non residentes.

LECCION 5

O imposto sobre as sociedades (continuación).- Base



impoñible. Ingresos computables e gastos deducibles.
Incrementos e diminucións de patrimonio. A determinación da base imponible.- A compensación de perdas.

LECCION 6

O imposto sobre as sociedades (conclusión).- Período impositivo e deveción.- O tipo de gravame e a cota.- Deducións e bonificacións da cota.- A xestión do imposto. Retencións na fonte e pagos anticipados.- Algunhas consideracións sobre os réximes especiais do imposto sobre sociedades. Especial atención ao réxime aplicable ás Cooperativas, as Fundacións, as Institucións de Investimento Colectivo, as Entidades parcialmente exentas, os grupos de Sociedades, as fusiões, escisións, achegas e trocos de activos, e a transparencia fiscal internacional.

b) Impostos sobre Sucesións e Doazóns e sobre o Patrimonio

LECCION 7

Imposto sobre a Renda de Non Residentes: Feito imponible, suxeitos pasivos, modalidades de sujeción, base imponible con/sen establecemento permanente, tipos de gravame, deducións e réximes especiais.

LECCION 8

Imposto sobre sucesións e doazóns.- Introducción. Caracteres do imposto.- Modalidades.- Aplicación territorial.- Feito imponible.- Suxeitos pasivos. Referencia á tributación do non residentes.- Base imponible. Determinación. Valoración.- Base liquidable.- Débeda tributaria.- Xestión.

B) IMPOSTOS INDIRECTOS.

a) Impostos sobre o tráfico patrimonial e a súa documentación.

LECCION 9

O imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.- Antecedentes.- Transmisiões patrimoniais onerosas.- Operacións societarias.- Actos xurídicos documentados.- Disposicións comúns.

b) Impostos sobre as vendas e consumos xenéricos.

LECCION 10



O imposto sobre o valor engadido.- Concepto. Modalidades.
O imposto sobre o valor engadido no sistema de imposición indirecta.- O feito imponible. Operacións interiores.
Adquisicións intracomunitarias. Importacións. Operacións non suxeitas. Exencións.- Debeño.- Suxeitos pasivos e responsables.- A repercusión do imposto.

LECCION 11

O imposto sobre o valor engadido (conclusión).- Base imponible.- Tipos de gravame e débeda tributaria.- Deducións.- Devolucións.- Réximes especiais.- Xestión.- Infraccións e sancións.



Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A4	9	9	18
Estudo de casos	A11 A15 B6 B7 B8 B10 B2 B3 B4 C4 C6	7	7	14
Proba de resposta múltiple	A10	7	7	14
Proba oral	A8 C1 C2	3	20	23
Sesión maxistral	A1 A3 A4	21	0	21
Atención personalizada		60	0	60

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Proba de resposta múltiple	Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida. A proba pode incluír tamén supostos prácticos e cuestións teóricas de resposta breve.
Proba oral	Proba na que se busca responder, de forma oral, a preguntas cortas ou de certa amplitude, valorando a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de elaboración e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición



<p>Estudo de casos Análise de fontes documentais</p>	<p>O módulo de atención personalizada está pensado para:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Atender persoalmente as dúbidas que poidan suscitarse ao fío das leccións maxistrals. -Resolver cuestións expostas ao fío dos supostos prácticos entregados aos alumnos -Axudar a atopar o material que os alumnos precisan para realizar os traballos que se lles asignen <p>As medidas anteriormente sinaladas resultarán especialmente importantes en relación co alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia. Asimesmo, para os estudantes que se atopen nesta situación establecerase ao inicio do curso académico un plan personalizado de entrega de traballos (preferentemente a través de medios electrónicos), tutorización, e seguimento do aprendizaxe que permita garantir a adquisición dos coñecementos e competencias propias da asignatura.</p>
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
<p>Proba de resposta múltiple</p>	<p>A10</p>	<p>Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida.</p> <p>Esta proba unicamente poderán realizala aqueles alumnos que houberan obtido unha calificación positiva nas sesións prácticas.</p>	<p>90</p>
<p>Estudo de casos</p>	<p>A11 A15 B6 B7 B8 B10 B2 B3 B4 C4 C6</p>	<p>Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p> <p>A puntuación correspondente aos apartados "Análise de fontes documentais" e "Estudo de casos", computará conxuntamente con un máximo, para os dous apartados, do 10% da puntuación global da asignatura. Esta puntuación unicamente podrá obterse mediante a participación activa nas sesións prácticas e a entrega escrita dos supostos requeridos deste feito polo profesor.</p>	<p>10</p>
<p>Análise de fontes documentais</p>	<p>A1 A4</p>	<p>Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.</p>	<p>0</p>



Proba oral	A8 C1 C2	<p>Proba na que se busca responder, de forma oral, a preguntas cortas ou de certa amplitude, valorando a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de elaboración e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.</p> <p>A proba oral únicamente terá lugar para aqueles alumnos que non teñan superado a "Proba de resposta múltiple", que se realizará con antelación. No caso de que o alumno teña que realizar a proba oral para superar a asignatura, a súa calificación representará un máximo do 95% do total da puntuación final.</p>	0
------------	----------	---	---

Observacións avaliación

Fontes de información

Bibliografía básica	<p>I. MANUALES DE DERECHO FINANCIERO Y TRIBUTARIO-Curso de Derecho Financiero y Tributario, Tecnos, Madrid, autores: Martín Queralt, Lozano Serrano, Tejerizo López y Casado Ollero).-Curso de Derecho Tributario. Parte Especial, Tecnos, Madrid, (coord. F.Perez Royo)-Derecho Tributario. Parte Especial, Tecnos, Madrid, (director: Isaac Merino Jara; coord: Manuel Lucas Durán).Códigos de leyes financieras y tributarias recomendados: los publicados por la editorial Aranzadi y Civitas.Se recomienda utilizar siempre la última edición de los manuales que vayan a manejarse.RECURSOS WEB-Página oficial del Ministerio de Hacienda conteniendo: a) Legislación tributaria actualizada; b) proyectos normativos; c) doctrina administrativa Dirección General de Tributos y TEAC: www.meh.es-Página oficial de la Agencia Estatal de administración tributaria conteniendo: a) Legislación tributaria actualizada; b) guías para la liquidación de impuestos; c) consultas más frecuentes; y d) links o enlaces con otras Administraciones tributarias y entes dotados de poder tributario: www.aeat.es-Página oficial de la OCDE donde se recogen: a) importantes materiales que son fuente indirecta de Derecho tributario; y b) enlaces con otras administraciones tributarias: www.oecd.org -Página oficial de la Comisión de la UE donde se recogen: a) novedades sobre normativa y jurisprudencia comunitaria en materia tributaria; b) enlaces referidos a páginas oficiales de la UE donde se recoge la legislación comunitaria-tributaria y financiera; c) informes, códigos de conducta, recomendaciones, y decisiones de instituciones comunitarias en materia financiera y tributaria: http://europa.eu.int/comm/taxation_customs/taxation/index_en.htm -Página web UDC: WestLaw, Westlaw International</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías